

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS E PERSOAS CON DISCAPACIDADES PARA O ANO 2024*

Extracto das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de asociacións e fundacións sen ánimo de lucro para a atención a persoas con enfermidades crónicas e persoas con discapacidades para o ano 2024

BDNS (identif.): 753552

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/753552>)

Obxecto da subvención

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a asociacións e fundacións sen ánimo de lucro para financiar a realización de proxectos cuxa finalidade sexa mellorar a saúde, calidade de vida, atención social e sanitaria, colaborar na prevención e tratamento das enfermidades, a través do desenvolvemento de actuacións de información, orientación, apoio ou rehabilitación de persoas con enfermidades crónicas ou con discapacidades na provincia de Ourense para o ano 2024.

Beneficiarias

Poderán obter subvención como beneficiarias as entidades con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro de persoas con enfermidades crónicas ou con discapacidades, que realicen actuacións de información, orientación, apoio ou rehabilitación, para aqueles proxectos/actuacións que se desenvolvan integramente nesta provincia e se dirixan a persoas con residencia na provincia de Ourense.

Os proxectos deberán encadrarse nalgunha das liñas que indican a continuación, e quedarán excluídos o resto:

Promoción do autocoidado do/a paciente crónico/a ou persoas con discapacidade.

Formación a persoas en habilidades de autoxestión da enfermidade ou discapacidade.

Mellora da capacitación do/a coidador/a do/a paciente con proceso crónico ou persoas con discapacidade.

Mellora da calidade de vida dos pacientes con patoloxías crónicas ou persoa con discapacidade.

Mellora da calidade de vida do/a coidador/a.

Apoio psicolóxico e emocional ao enfermo ou persoa con discapacidade e os seus coidadores.

Información dirixida a pacientes ou persoas con discapacidade.

Seguridade do/a paciente ou persoas con discapacidade.

Contía:

Os proxectos presentados poderán optar a unha subvención máxima de 15.000 € e non poderán solicitar contía superior á subvención máxima prevista.

Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes deberanse presentar telematicamente, a través do Rexistro Xeral da Deputación de Ourense, asinada electronicamente pola persoa que posúa a súa representación. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao amparo do establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios.

Para a presentación da solicitude, terá que utilizarse o formulario normalizado que está accesible desde a páxina web da Deputación de Ourense: <http://www.depourense.es>

O prazo improrrogable de presentación será dun (1) mes, que contará a partir do día seguinte da publicación do extracto destas bases. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, formen parte do desenvolvemento dos proxectos obxecto desta convocatoria e que cumpran os seguintes requisitos:

Que foron ocasionados con motivo da realización do proxecto aprobado e garden estreita relación co seu contido.

Que exista constancia documental da súa realización. No caso de presentar facturas simplificadas para esta acreditación, deberán conter, obrigatoriamente, o CIF destinatario, deberá ser coincidente co CIF beneficiario da subvención.

Que se realicen dentro do prazo de execución do proxecto. Para os efectos de xustificación do gasto, o prazo de execución será o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de novembro de 2024.

Que exista coherencia entre a porcentaxe de imputación e o proxecto subvencionado.

Xustificación da subvención

A Deputación concederá como máximo o 100% do importe xustificado para cada proxecto subvencionado, e sempre co límite económico máximo do importe recoñecido na resolución.

O prazo de xustificación do proxecto finalizará o día 30 de novembro de 2024

Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ao amparo da presente convocatoria son compatibles con outras axudas e subvencións públicas ou privadas, sempre que o importe conxunto de todas elas non supere



o 100% do custo total do proxecto, fóra das subvencións nominativas e/ou directas recoñecidas pola Deputación de Ourense para o mesmo ano 2024, que serán incompatibles.

Do mesmo xeito, serán incompatibles coas subvencións solicitadas na convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a atención integral a mulleres en situación de vulnerabilidade social para o ano 2024 desta deputación provincial.

Ourense, 9 de abril de 2024. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

**R. 895**